

CONVOCATORIA

De orde do Sr. Presidente convócase a vostede á sesión ordinaria a celebrar pola Xunta de Goberno da Excma. Corporación Provincial, en primeira convocatoria ás once horas do día **VINTE E CATRO DE MAIO DE DOUS MIL DEZANOVE**, para tratar sobre os asuntos incluídos na Orde do Día, previamente aprobada pola Presidencia.

De non celebrarse na data e hora indicados, a sesión terá lugar en segunda convocatoria o luns seguinte, excepto que coincida con días festivos, ou inhábiles, en cuxo caso celebrárase á mesma hora do primeiro día seguinte hábil.

A partir da convocatoria os expedientes encóntranse a disposición dos Sres. Deputados na Secretaría da Deputación.

Lugo, 22 de maio de 2019

A SECRETARIA XERAL,

ORDE DO DIA

1. Aprobación, se procede, das actas da sesión extraordinaria celebrada o día quince de maio de dous mil dezanove e da sesión ordinaria celebrada o día vinte de maio de dous mil dezanove.
2. Proposta en relación cos escritos das Alcaldías dos concellos de Guitiriz e Taboada, solicitando a aplicación de remanentes producidos na adxudicación de investimentos incluídos no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2018.
3. Proposta de aprobación, se procede, do procedemento de adxudicación e do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas para a contratación por lotes dos grupos musicais para o III Festival Blues de Lugo “Blues Museum”.



4. Acordo que proceda sobre accións de fomento para dinamización e potenciación da integridade da raza bovina rubia galega nas explotacións lucenses. Eixe 1: promoción e recría de novelas de raza rubia galega na Granxa Gayoso Castro. Eixe 2: promoción e potenciación de reproductoras inscritas no rexistro definitivo do libro xenealóxico da raza rubia galega nas explotacións da provincia de Lugo.
5. Proposta de aprobación, se procede, da contratación da póliza de seguro colectivo de accidentes para os participantes e alumnos das actividades, cursos e servizos organizados e prestados por esta Deputación Provincial.
6. Acordos que procedan sobre ordenación de impulso na tramitación do procedemento de contratación.
7. Aprobación, se procede, de convenios e modificacións de convenios de colaboración con distintas Entidades e Concellos. Ordenación e impulso de accións de fomento e accións colaborativas.
8. Proposta de aprobación, se procede, de informe sectorial en materia de estradas sobre o documento de data xaneiro 2019 de “Delimitación de solo de núcleo rural: Vilaúde, San Pedro de Mor, concello de Alfoz”.
9. Aprobación, se procede, de Plans de Seguridade e Saúde no Traballo.
10. Aceptación das subvencións directas para a financiación de proxectos de emprego, autoemprego e emprendemento colectivo, dirixidos á financiación de proxectos de emprego, autoemprego e emprendemento colectivo, para afrontar o reto demográfico nos municipios de menor poboación ao amparo do Real Decreto 1234/2018 do 5 de outubro de 2018.
11. Aprobación, se procede, da programación “Lugothermal”.
12. Proposta de prolongación do servizo activo dun funcionario provincial.
13. Aprobación, se procede, das follas normalizadas do rexistro de intereses dos membros da Corporación.



14. Conta do informe da Secretaria Xeral sobre a actuación xurídica dos membros da Corporación respecto á celebración de eleccións municipais.
15. Comparecencia no recurso contencioso administrativo nº 157/2019.
16. Comparecencia no recurso contencioso administrativo nº 176/2019-J.
17. Comunicaci3ns da Presidencia.
18. Rogos e Preguntas regulamentariamente formulados.